

XVII PREMIO DE NARRACION CURTA PARA ESCOLARES CONCELLO DE MARIN

A Concellería de Cultura, co galo de dar un pulo á creatividade e á comprensión escrita dos rapaces e rapazas de Marín na súa propia lingua, convoca este premio de narración curta entre o alumnado que cursa seus estudos de Primaria e de Primeiro e Segundo da ESO nos centros de ensino de Marín.

BASES

1. O presente certame denominarase "XVII Premio de Narración Curta para Escolares Concello de Marín".
2. Poderán participar todos/as escolares dos centros de ensino do municipio de Marín que cursen Educación Primaria e Primeiro e Segundo da ESO.
3. Cómpre que os traballos sexan inéditos, de temática libre e realizados en lingua galega cunha extensión máxima de 3 páxs. tamaño DN A4, escritos por unha soa cara. Valorarase a orixinalidade, a utilización da lingua galega e a redacción.
4. O prazo de admisión dos traballos pecharase ás 14:00 horas do día 28.04.2023
5. Cada centro escolar poderá presentar, como máximo, tres traballos por categoría.
6. Haberá catro categorías:
 - . 1ª Categoría: Educación Primaria: 1º e 2º curso
 - . 2ª Categoría: Educación Primaria: 3º e 4º curso
 - . 3ª Categoría: Educación Primaria: 5º e 6º curso
 - . 4ª Categoría: ESO: 1º e 2º curso
7. O xurado concederá tres premios por categoría consistentes en material escolar e unha placa para o primeiro de cada categoría.
8. Todos os traballos levarán un título e a categoría á que pertenceren sen especificar o nome do/a autor/a
9. A Dirección de cada centro subirá todos os traballos que opten ó premio na páxina web do Concello de Marín "www.concellodemarin.es" no que se habilitará un formulario no que se faran constar os datos do alumnado, un selector de categorías e un cargador de arquivo. Desta forma o xurado sempre recibirá os traballos, preservando o Concello o anonimato dos autores.
10. O xurado estará constituído por:
 - Un máximo de 3 persoas.
 - Como secretario/a actuará o/a funcionario/a en quen se delegue.
11. Para os efectos da práctica da notificación do resultado da valoración aos premiados, participantes e demais interesados, realizarase mediante publicación dos premiados na web municipal e nas RRSS, non máis tarde do día 16 de maio de 2023, de acordo co artigo 40 e 45.1 b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ao tratarse de actos integrantes dun procedemento de concorrencia competitiva.

12. A participación neste concurso implica a aceptación destas bases e, polo demais, (o que non está previsto) estará á disposición do que determina o xurado avaliador.

13. O Concello de Marín resérvase o dereito de publicar, total ou parcialmente, os traballos premiados nas publicacións municipais.

14. Se os traballos presentados non reuniren a suficiente calidade o xurado podería declarar deserto algún premio.

15. Estas bases publicaranse nas RRS do Concello de Marín.

A concelleira de Cultura